



Graciñas Francisco,
non por ser perfecto,
si por abrir horizontes
dunha humanidade nova.

“Primavera: tempo de florecer”



© Foto - Pablo Carro.

O trasno

Daniel López Muñoz

Oliveira: veña, outros cen anos

Hai tempo que facíamos algo de risa aquí co conto de que “afouteza” fora, de súpeto, a palabra máis procurada na páxina do dicionario da Real Academia Galega. “Afouteza e corazón” fora daquelas o lema adoptado polo R.C. Celta nun cambio de imaxe corporativa moi digno de mención.

Pero a cousa non queda aí. Desde o himno do centenario do Club, no que se mesturan estilos, dignifícase o galego e rexorden vigorosas as Tanxugueiras, hai toda unha estratexia ben pensada de facer da cultura, a simboloxía e a lingua xenuínas de Galicia un activo na imaxe do equipo olívico, unha marca diferencial, unha argamasa para esa complicidade entre a afección, o equipo e a festa toda que se arma en Balaídos - moito máis ca un “simple” partido de fútbol-, con esas “previas” nas quea grupos e artistas que representan a nosa cultura expresan diante das bancadas o mellor que levan dentro.

Os afectos, as emocións, a identidade vivida coma festa e ledicia: ese contacto co galego é para moitos dos rapaces e rapazas alí presentes o seu

único contacto semanal coa lingua de Rosalía.

Se unha forza política quere exterminar unha lingua propia -entendido ese exterminio como a súa desaparición no día a día da vida da xente- ten que ter unha estratexia, escrita ou non escrita, pero estratexia. E un dos piares desa estratexia é venciellar e limitar esa lingua dominada -que o alumnado percibe como cousa do pasado- a unha penosa disciplina escolar, unha “maría” que mesmo se imparte na lingua dominante. Algo así como ensinar sumerio ou arameo.

Cómpre traer aquí aquilo que nos dicía Pepe Chao como ensinante do galego, cando indicaba que o seu labor non era o de ser un profe esixente para lle dar “prestixio” á materia, senón “desfacer o bloqueo afectivo que padecemos os galegos respecto ao noso idioma” e crear espazos para falalo, para gozalo, para cantalo e vivilo.

O país cambiou. As maiorías vilegas, a mo-

cidade, non teñen oportunidade de experimentar como se podería vivir a vida en galego en Galicia. Éche o que hai, mesmamente. Coa dimisión da familia, da escola, da TVG e os seus xabaríns, das administracións e dos servizos públicos, e da peixería da esquina que xa non vende xureliños e xarda senón jurelo y caballa- e por suposto da Igrexa, *válgame Dios*- cómpre actualizar as *contraestratexias*. E a oliveira dos cen anos marca un rumbo ben interesante: a benquerenza, a complicidade, a identidade. Falta agora crear espazos para que os afectos se convertan en práctica despresurizada, agradable, normal. Unha especie de manobra de resucitación do noso benquerido e maltratado arameo.



Humanidade nova

O pasamento de Ignacio González Faus, xesuíta e teólogo que marcou unha época de apertura e compromiso no pensamento teolóxico, fíxonos revisitado emotiva e mentalmente o seu estudo sobre Xesucristo, chamado “A humanidade nova”. Nunca tan acaído e actual ese título que contrasta e pon en evidencia unha realidade global onde os vellos “cruzados” -conquistadores en nome da Cruz- impoñen a lei do máis forte nun planeta ferido.

J.L. Pinilla, compañeiro de Faus, recordounos nun recente artigo¹ aspectos daquela mensaxe de Faus que tan suxestiva se fai para celebrarmos unha semana santa e unha pascua diferentes, renovadas e ben actuais cos tempos que corren:

“González Faus, na súa obra “A Humanidade Nova”, lémbra-nos que a radicalidade da mensaxe cristiá non reside en abstraccións celestiais, senón na proximidade dun Deus que camiña connosco, que chora connosco, que sofre e se alegra connosco. Crer no Deus humanizado é descubrir que a súa encarnación non foi un episodio distante, senón unha chamada incesante a transformar o mundo desde dentro. ...

Humanidade Nova que aspira á novidade da vida supón tamén seguir alimentados por unha mesma esperanza: o gran de trigo que morre para dar froito, a espiga que se alza luminosa sobre os campos da historia. Humanidade Nova é a carne de Cristo en cada rostro marxinado, é o rumoreo de Dios nas gretas da inxustiza, é a compaixón feita xesto, pan partido, viño compartido.

A vida nova non é un vídeo dourado propagandístico e mentireiro -sobre todo por excluínte- que reflecta a vida duns poucos. Fronte á soberbia e a prepotencia de quen, como Donald Trump, levantan muros e proclaman grandeza desde o egoísmo, a Humanidade Nova é un berro de esperanza que derruba fronteiras e abre camiños de xustiza. A arrogancia que despreza ao débil e a política que exclúe ao estranxeiro son a antítese da mensaxe cristiá. A verdadeira grandeza non está en acumular riquezas nin en exaltar o propio nome, senón en servir, en acoller, en construír un mundo onde ninguén sexa descartado.

a Humanidade Nova é un berro de esperanza que derruba fronteiras e abre camiños de xustiza

1 - <https://www.vidanuevadigital.com/blogs/desde-la-valla/>

SI VIS PACEM PARA PACEM

Tambores de guerra, “hai que re-flexionar”, que diría Reixa

En principio, creo que todos —cada cidadá, cada cidadán— seremos partícipes, queirámolo ou non, nas decisións que se tomen: por acción, omisión ou incapacidade colectiva de respondermos eficazmente á comisión do crime. Nunca poderemos tirar a primeira pedra.

Tamén é falso aquilo de que ninguén quere a guerra, coma se dunha catástrofe natural se tratase. Claro que hai quen quere a guerra, quen tenta provocala. Pensemos na puxante industria armamentista, presente dunha forma ou doutra en todos os países, que precisa incrementar decote a súa produción por dúas vías: a do consumo, que necesariamente implica guerra, e a do desenvolvemento técnico para fabricar armas máis eficaces, a saber: máis destrutivas. Recorrerá, por se xustificar, a falaces distincións entre armas ofensivas e defensivas, legais ou ilegais, de destrución masiva ou limitada. Falso. Son diferenciacións interesadas, sen *fundamento in re*, como dirían os escolásticos. Todas as armas poden ser ofensivas ou defensivas, de destrución masiva ou limitada, ilegais ou, por desgraza, legais na súa maioría.

Á hora de buscar o apoio ou a tolerancia da cidadanía, esgrimiranse arcaicos argumentos. *Si vis pacem, para bellum*. Falso. Se preparas a guerra, haberá guerra. De feito, nunca deixou de habela, porque sempre se estivo a preparar e nunca deixou de afectar-nos. O que se nos bota enriba agora é pasala do presuntamente local ao descaradamente global, do patio de atrás á porta da casa.

Para xustificar o inicio oficial das hostilidades, recorrerase tamén aos manidos *casus belli*, sempre manipulados ou provocados. Lembremos a



Os señores da guerra

falacia das armas de destrución masiva para invadir Iraq. En realidade, agroman xa as xustificacións “doutrinais” preparatorias do lanzamento do *casus belli* da próxima confrontación. Para Hitler foi o *Lebensraum*: espazo vital; para Trump está a ser o *America First*.

Probablemente, a causa fundamental de todas as guerras é o espolio, por parte dos máis ricos e poderosos, dos bens que posúen os declarados inimigos. Os primeiros provocarán a guerra para depredar; os segundos entrarán nela para se defender. Hoxe, os bens por espoliar son os recursos naturais, cada vez máis escasos: terras raras, gas, petróleo, uranio, posibilidades de produción agropecuaria e pesqueira, enclaves estratéxicos, auga ou o territorio mesmo.

Non se consegue a paz preparando a guerra. *Si vis pacem*, limita as riquezas, impulsa a repartición equitativa dos bens da terra, promove o benestar das maiorías, axuda ao control democrático do poder, fomenta a solidariedade e defende as instancias e os organismos internacionais de cooperación e control que, con todos os defectos e carencias que efectivamente teñen, serven para afrontar a solución pacífica dos conflitos e para impulsar respostas políticas a problemas globais que nos afectan a todos.

Non é casual que os actuais “señores da guerra” traten de converter as democracias en plutocracias e de destruír as institucións internacionais de control e pulo económico e político. Queren que o que eles entenden por economía prevaleza sobre a política, é dicir, a razón da forza sobre a forza da razón: a lei da selva, que é marco ideal da violencia e da guerra.

Non haberá paz se se prepara a guerra. Outra cousa será tratar de se defender.

A causa fundamental de todas as guerras é o espolio

... Pero a vaquiña polo que vale

Rubén Aramburu

TRIMIA

A vida como servizo, a política, tamén

Cumpríronse os 100 anos do nacemento de Francisco Carballo na parroquia de Celedón de Asadur, Maceda, onde o pasado 15 de marzo rendeu homenaxe sentida unha marea de xentes chegadas de todo o país.

Ausencia e silencio das institucións católicas. Hai pouco conversei con curas ourensáns que nada sabían de Paco Carballo.

Tiven a sorte de ser veciño de Carballo durante 12 anos no Morrazo e podo dicir que foi unha das persoas que máis influíu na miña vida. Falo sobre todo do Carballo amigo, compañeiro, mestre, seguidor de Xesús. Viaxamos moitas veces xuntos a reunións e encontros. A súa dispoñibilidade xa con oitenta anos era impresionante, mesmo para suplir un crego no domingo en calquera parroquia rural. “Ánimo, estupendo, adiante...” eran coma un mantra neste frade paúl, apoiando sempre calquera iniciativa.

Nunca tivo un recoñecemento oficial nas institucións oficiais, académicas, culturais,...recordo aquel programa da radio *Correcarmelaquechove* onde un afamado actor imitaba a Fraga Iribarne ordenando: -“un quilo de medallas Castelao!”. Paco Carballo non foi merecente de ningunha desas medallas repartidas a quilos. Tampouco dun Honoris Causa en calquera facultade de Historia, cando foi o impulsor do mellor equipo de revisión da historia de Galicia.

O que máis amolaba a Carballo era esa Historia escrita desde Madrid que nos relegaba a recuncho do Estado, negándonos a existencia como Reino de Galicia. A colonización dos Reis Católicos(doma)continúa: as políticas lingüísticas que extinguen o galego, as empresas que cotizan fóra e esnaquizan a paisaxe e a vida prometendo pratos de lentellas; a pesca, as autovías, o

leite, a vivenda, a cultura...Como é posible que teñamos que mercar fóra o que podemos producir na terra? sinalaba Carballo.

Militou na política, ao vello estilo, o do compromiso, o do servizo, o de dar máis ca recibir. Foi incansable e paciente, rompendo moldes, o crego nacionalista desde a esquerda, o historiador militante, o inspirador de iniciativas e construtor de alternativas. Canto que aprender, visto o visto hoxe e o descrédito da práctica política.

Os últimos anos de Carballo foron un pouco amargos no “exilio” da enfermería de Salamanca: a división do nacionalismo, a desaparición do semanario A Nosa Terra do que foi creador... Non lle faltaron os amigos, que eran lección, e levou unha grande alegría: o Papa Francisco.

Algunha vez subo aos Milagres de Baños de Molgas e contemplando abraiado a imponente Serra de San Mede paréceme escoitar a voz rexa de Francisco Carballo coma testamento: Ánimo, estupendo, adiante!



HOMENAXE
FRANCISCO CARBALLO
CENTENARIO DO SEU NACEMENTO
SÁBADO, 15 DE MARZO DE 2025

PROGRAMA DE ACTOS

11:00 h. Oración na igrexa parroquial de Asadur. Intervén Miguel Ángel González Basso (deleitoiro neto de F. Carballo), Xosé Otero e Xosé de Ponte.
11:30 h. SÚLAR (con texto de F. Carballo) diante da igrexa parroquial de Celedón. Intervén Carlos Sánchez (ex tenente alcalde de Maceda).
12:00 h. Punto de encontro na vila. Bañeira. Fábica. Fundación Carballo de Maceda. Intervén Úrsula Otero (alcaldeza de Maceda).
13:00 h. Acto (texto do texto de texto de Casa do Concello de Maceda).
Música: Sergio Costas.
Agradecidos: Lendoiro e Francisco Carballo.
INTERVENCIÓNS:
Beatriz Cosme (secretaría de Cultura).
Pascual Rodríguez (presidente da Fundación Terra e Tempo de Estudos Nacionalistas) presentará o monográfico "Francisco Carballo: Na fronteira do século e do século na Galia".
Milagres Carlos Carballo (deleitoiro de Francisco Carballo).
Manuel Palencia (lingüista, profesor e escritor) e Antón Gámez (ex cura obradoiro).
Xosé Carballo (compositor).
Nuria Saura (ex alcalde de Maceda).
Ana Rendo (Portavoz nacional do BNG).
Membros do acto: Santiago Peón (presidente do AMP).
ASOCIACIÓN AMIGOS DE FRANCISCO CARBALLO
Colaboran: Concello de Maceda e Fundación Terra e Tempo

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo

Na comunión dos santos e santas



Benqueridas amigas e amigos de *Irimia*: Folgámonos moito, aquí no seo e espazo de Deus, coa cartiña que nos mandou hai dous meses o tamén amigo Regal. E folgámonos aínda moito máis coa presenza entre nós de Isabel Requeijo Román, esa veciña de Cabaneiro, en Abadín, Lugo, que hai pouco vos deixou.

A presenza de Isabel entre nós non se nos fixo cousa de novo, porque ben saberedes que entre nós e vós se dá un constante intercambio de accións, de paixóns, de soños, de esperanzas, e tamén, claro, de desilusións. Iso que aí entre vós dicídes “a comunión dos santos e santas”, que non é senón este estar todos revoltos arredor do noso Deus, sabéndonos persoas que formamos parte unhas das outras, e que unhas ás outras nos achegamos aquilo especial que a cada quen mellor nos representa. Olló!, do bo e tamén do malo que poida haber en nós.

Este intercambio entre nós e vós é unha cousa moi fonda e, ao tempo, moi sinxela, que non ten nada que ver con algunhas historias que ás veces vos montades aí na Terra cando pensades en nosoutros. Por exemplo, quedamos aquí abraíadas —*aleutas*, como din por Abadín—, cando un tal presidente Trump ousou dicir que Deus o salvara de morrer dun balazo na cabeza nun atentado, porque o mesmo Deus o tiña reservado para devolverlle a gloria á súa nación e, coa súa nación, ao mundo enteiro. Que doado é envolver en falsa fe as nosas conveniencias!

E tamén nos preocupa un pouco aquí o mal que se pode entender iso de facer oracións e oracións pola saúde do papa Francisco. (Vaia para el todo



© Foto: CNS photo/Pablo Esparza

Rezo polo papa Francisco.

o noso agarimo e solidariedade; desde aquí tamén pregamos que teña o mellor espírito e a mellor atención médica para poder repórtese, cousa que facemos tamén, xaora, con calquera outra persoa enferma).

É que, con tanta oración, valéndose incluso da mediación de persoas tan singulares como Santa María, é moi doado que se tire a conclusión de que Deus é de corazón duro, que precisa do noso *dálle que dálle*, e que, se non se ve apertado pola influencia dalgunha persoa amiga, non acaba por concedernos o que lle pedimos.

A oración, dentro desa “comunión dos santos e santas”, poderíamola entender así: sabernos en Deus con todas as nosas fraxilidades e fortalezas, e saber sempre a Deus en nós con todo o seu potencial de amor e alento; sabernos non como individuos soltos, senón como comunidade que nos alentamos nesta vivencia; fortalecernos deste xeito no corpo e no espírito, e, antes e despois, poder buscar, esixir e defender o mellor servizo posible de saúde, para todo o mundo. Para expresar isto na vosa oración, din por aquí que deberíades cambiar bastante as formas da vosa oración.

Ben, xa me diredes. Apertas logo, dentro desta fonda comunión que nos une.

CARRABOXO por ROBE LOIS



O peto común

Josecho de la Torre Culler

O noso mar!

Querido Peto, hai unhas semanas atopeime con Iago, un rapaz que desde hai moitos anos adoita pescar na enseada da ría. Ao preguntarlle pola pesca, contoume que dende hai un tempo non é a mesma, que a cousa está rara. Algo semellante ao que dixou unha muller que vende peixe na praza: hai xornadas de pouco peixe e non só polo mal tempo. Tamén atopei unha parella mariscadora que amosaba a súa preocupación polo estado do marisco: que se a auga doce dos meses pasados, que se a temperatura... o certo é que as cousas non están no mellor momento.

Vivimos e traballamos ao carón dun mar que durante moito tempo foi o motor económico directo de moitas familias e indirectamente de moitas outras. Un mar que nos define. Descoñezo os datos científicos exactos para saber que factores principais están prexudicándoo, máis alá do que se escoita: cambio climático, toxinas, especies invasoras... Pero si estou convencido de que nas nosas mans está o poder coidalo doutro xeito e ver que resultados traería. Vémolos cando se fan tarefas de limpeza: moreas de lixo acumulado por un lado e por outro!

Por exemplo, o 15 de marzo saía na prensa unha nova que dicía que submarinistas da Illa de Arousa, acompañados de 49 persoas e 13 embarcacións, recolleran máis de 2.500 kg de lixo no fondo mariño do contorno dos Guidoiros. Redes, rodas, nasas e cabos foron algúns dos elementos recollidos. Só nun pequeno contorno había esta cantidade de lixo. Querido Peto, imaxina que un día xa non temos que limpar, porque deixamos de emporcar.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Afouteza: Disposición do espírito que leva a actuar ou a acometer calquera empresa sen temor aos perigos ou dificultades.

É curioso que esta palabra estaba no caixón do esquecido e o Celta recuperouna. Realmente, o Celta está a facer un grande traballo de imaxe, o que agora os modernos chaman *marketing*. A canción do centenario é unha pasada que chega ao corazón de todo o mundo. As redes sociais traballan arreo dando unha imaxe aberta do equipo. O pasado partido comezouse cun bonito espectáculo sobre o Entroido ourensán.

Os responsables do Celta non se cansan de repetir que buscan unificar tradición e modernidade, e penso que o están a facer ben. E o mellor de todo é que o traballo que fan é en galego. Non teñen reparo en facer as súas campañas e animar a súa afección na lingua de aquí. Non poñen pretextos do tipo "es que aquí el gallego no te lo habla nadie". O amor polas cores non é só a cor da camiseta, tamén da súa historia e do que representa. Moita afouteza teñen os responsables do Celta.



EMIA



Beatriz Cedrón



O 25 de abril comeza en Chantada o **Foro Rural Sustentable 2025**, un encontro que, ao longo de tres días, xuntará persoas expertas, axentes e emprendedoras do rural para reflexionar, debater e facer propostas sobre a situación e os posibles cambios no sector. Nesta edición do foro falarase sobre soberanía alimentaria, comunicación e comunidade, o relevo xeracional, a viabilidade do sector primario, o impacto xeoestratéxico do sector e a tematización do rural.

Foto: galiciaconfidencial.com



A Comunidade de Montes do Hío, con 200 comuneiras, vén de transformar un monte que era case na súa totalidade un eucaliptal nun terreo que combina piñeiros e árbores frondosas, e no que prevén eliminar o 80 % do eucalipto en dez anos. Na conservación do monte contan coa axuda do pastoreo das cabras da cooperativa **Pouso da Serra**. Tamén puideron contrastar a viabilidade do cultivo de *shiitake*, que está agora pendente de respaldo económico.

encrypted-tbn0.gstatic.com

Tres mulleres do mundo da escena e da comunicación -Marta Doviro, Leticia Sola e Carmen Méndez- comparten o proxecto **As R(h)umorosas**, no que, en linguaxe de comedia, reivindicán e celebran diversas ilustres mulleres galegas. Na súa proposta, elas cantan, tocan e bailan, achegándonos, entre outras, a Emilia Pardo Bazán, María Casares ou Pepa a Loba a través de situacións imaxinadas como unha entrevista no SEPE, un casting ou un programa televisivo de rexouba.

estaticos-cdn.prensaiberica.es



Lévame a vida é un documental que dúas chairegas e unha malpicá presentan a través da súa produtora, **Navíos e Folerpas**, para recoñecer e reivindicar as creadoras e divulgadoras da música galega de tradición oral. Vanesa Siso, Iria Villares e Laura Varela entrevistaron moitas mulleres para poñer en valor a música de tradición oral desde a perspectiva da súa custodia, da súa transmisión e da súa divulgación nos eidos académico, artístico e comunitario.

terrachaxa.com




Outra proposta relacionada coas cantareiras que se homenaxean no **Día das Letras Galegas 2025** é o ensaio divulgativo **Cantareiras**, de Icíá Varela e Xosé Manuel Varela. O texto céntrase no percorrido vital de Adolfina e Rosa Casás, Eva Castiñeira e as Pandeireteiras de Mens. Para as crianzas, publicouse **Sei cantar e sei bailar**, de Eva Mejuto e Lucía Cobo, simulando un caderno de campo de Dorothé Schubart da súa viaxe de recollida de cantares e romances por Galicia.
xerais.gal



A tributación do grupo **ENCE** no ano 2023 por conta do imposto de sociedades foi de 5,1 millóns de euros, que pagou integramente en Madrid, onde ten a súa sede fiscal. En Galicia non ingresou nada por tal concepto, sendo as súas achegas fiscais as taxas (1,8 millóns) e o canon ambiental (1,4 millóns). Dicia Castelao: “A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid, e o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila”.
media.istockphoto.com



Unha das moitas criaturas xurdidas da **Asociación Xermolos**, de Guitiriz, é a **Casa das Palabras**. Naceu en 2004 e, a día de hoxe, reúne máis de 13.000 volumes nos seus estantes. Pero este fogar para as verbas acolle non só aquelas que se refuxian na escrita, senón tamén as palabras ditas, tanto as cotiás como as que a tradición rememora. De aí que a Casa das Palabras sexa un espazo de encontro onde se atopan a veciñanza e a cultura.
img.lavdg.com



A editorial **Cumio** vén de ofrecer unha nova colección de libros para crianzas: **Miudiños**, dedicada a recrear a vida de personaxes importantes da cultura galega a través de poemas. A autoría corresponde a Alba de Evan e Xabier Domínguez, e as ilustracións a Bea Gregores. Os “biopoemas” falan de aspectos da vida e da personalidade de Luís Seoane, Rosalía de Castro, Eduardo Blanco Amor, Elisa e Marcela... coa finalidade de achegar o seu coñecemento dun xeito ameno aos máis miúdos.
static.cumio.com

“Nestes momentos usar o galego segue a ser un acto de rebeldía”

Entrevista a Yaiza Peixoto, presidenta de Espazo Lectura



Yaiza Peixoto, presidenta de Espazo Lectura

Que vos motivou a poñer en marcha Espazo Lectura e quen forma parte del?

Espazo Lectura naceu no ano 2006 da man dun grupo de nais e pais da ANPA do Colexio Rural Agrupado (CRA) Antía Cal, en Gondomar. Estas familias decidiron comezar a organizar contos para as súas fillas e fillos, xa que non existían actividades deste tipo no Concello de Gondomar. Pouco a pouco, comezaron a unirse máis familias e persoas interesadas en colaborar. Este foi o xermolo do que, dous anos máis tarde, sería a asociación Espazo Lectura, que conta na actualidade con oito clubs de lectura e cunha programación estable de máis de cen actividades anuais.

Que dificultades atopades para manter o proxecto e como conseguides superalas?

As maiores dificultades son dúas: a primeira, ampliar e manter o número de voluntarios para coordinar os clubs de lectura e a Xunta Directiva. Moitas persoas adquiriron ese compromiso co proxecto e, agora, incluso forman parte do voluntariado antigos usuarios da asociación. A segunda dificultade é a falta dun orzamento fixo e estable,

que dea seguridade á hora de deseñar as actividades. Eventualmente, o Concello de Gondomar colabora economicamente, pero ao non tratarse dunha colaboración regular, a nosa situación é inestable.

Sentides que estades a facer un labor que, se non o facedes vós, non o fai ninguén?

O obxectivo de Espazo Lectura é fomentar a lectura e o libro en lingua

A lectura une, conecta, tece fíos entre nós.

galega. Desde os centros educativos, librarías ou bibliotecas si que se realiza este labor, pero dun xeito máis formal. Nós procuramos que a lectura sexa algo continuado no tempo, que se realice en familia e en comunidade, e que nos vincule emocionalmente, facendo do libro un elemento socializador e de unión.

Que papel ten o voluntariado na organización?

Sen voluntariado, non existiría Espazo Lectura. Son quen fan lecturas, escollen libros, catalogan, realizan

Espazo Lectura é un faro de resistencia cultural que foi capaz de crear unha comunidade arredor do libro e da lingua galega e conta cunha programación de máis de cen actividades anuais para cativos e adultos en Gondomar. A súa presidenta, Yaiza Peixoto, fálanos do papel fundamental do voluntariado, dos desafíos de manter o galego como lingua de transmisión e do soño de crear un Museo do Conto.

programacións, contactan cos autores, encárganse das actividades e contan contos. É un compromiso esixente, pero o feito de facelo en equipo facilita moito as cousas.

Consideras que a lectura pode ser unha ferramenta poderosa para crear comunidade?

Si, sen dúbida. A lectura une, conecta, tece fíos entre nós. Permite que coñezamos non só o que nos contan os libros, senón moito do que son as persoas que os len. No noso caso, a lectura permite que moitas familias se coñezan e compartan inquiredanzas sobre a crianza e a animación á lectura.

A “rebelión lectora” que promove Espazo Lectura é tamén unha rebelión a favor da lingua galega. Como se pode trasladar esa conciencia á sociedade?

Nas nosas actividades transmitimos a riqueza, variedade, calidade e profesionalidade da nosa literatura. A través do exemplo e do convite a compartir lecturas descubrimos o lonxe que podemos chegar coa lingua. Sen dúbida, nestes momentos segue a ser un acto de rebeldía usar a lingua propia.



Casa da Lectura

En Galicia moitos nenos e nenas entran no colexio falando galego e saen falando castelán. Como credes que se podería reverter esta tendencia?

Son moitos os factores que inflúen nesta situación. É fundamental que na escola se empregue a lingua galega e que se proporcionen recursos interesantes nesta lingua. Moitas veces é complicado atopar series, películas ou animación en galego, e sen referentes

A Banda Contos do Cueiro recolle a tradición oral

non é doado manter a lingua. Ademais, a construción da identidade entre os seus iguais fai que moitas veces muden ao castelán.

O papel das familias na transmisión da lingua é fundamental. Que deben facer para manter o galego como lingua de uso cotián?

O primeiro é falalo sempre, pase o que pase. O exemplo é fundamental, como tamén o son o diálogo e a reflexión sobre o uso da lingua. É importante reivindicar o dereito a poder empregar o galego e construír espazos que apoiem o seu uso.

Que lle diríades á Administración para fomentar a lectura na nosa lingua?

Sería moi positivo que a Administración apoiase as iniciativas xa existentes, axudando a que adquiran presenza nos espazos públicos e poidan realizar unha oferta ampla e de calidade sen ter que estar medindo recursos constantemente.

Espazo Lectura ten a súa propia banda: A Banda dos Cueiros, que fusiona literatura e música.

A Banda dos Cueiros naceu no 2013 no marco da actividade “Contos en Cueiros” para bebés de 0 a 3 anos. Naceu como unha forma de achegarse ao libro, ás cancións, aos arrollos e á oralidade. As súa cancións recollen elementos da tradición oral e contos ou poemas.

De que estades máis orgullosos en Espazo Lectura?

Estamos moi orgullosos do conxunto do proxecto, de mantelo no tempo e facelo medrar. Especialmente emocionante é incorporar ao voluntariado persoas que de pequenas gozaron das actividades da asociación.

Se alguén quixera replicar este modelo noutro lugar de Galicia, que consellos lle daríades?

Que o fíxese, sen dúbida. É fundamental formarse, meditar as accións e buscar apoio na comunidade: centros educativos, librarías, editoriais e entidades culturais.

Que soños ou retos vos marcades para o futuro?

Estamos a piques de cumprir un soño: a realización do documental “A rebelión da lectura”, que se estreará en xaneiro de 2026. Ademais, seguimos loitando polo proxecto do “Museo do Conto”, que precisa dun forte apoio institucional para facerse realidade.

*Versión extendida en irima.gal //
Máis información en espazolectura.gal



Sesión de Contos en Cueiros con integrantes de ‘A Banda dos Cueiros’



Club de narrativa Sete Vidas



Menú de Contos na Casa da Lectura

Pedro Castelao
 Vicedecano da Facultade de Teoloxía
 Universidade Pontificia Comillas

Francisco: bombeiro e arquitecto



© Foto: puntoedu.pucp.edu.pe.

Bieito XVI dixo que se sentía como un pastor rodeado de lobos. Renunciou o 28 de febreiro de 2013, despois de levantar a alfombra dos abusos sexuais. Non foron un, nin dous, senón milleiros, ao longo de varias décadas e en todas as partes do mundo. Co seu mordomo no cárcere por filtrar documentos privados, o pastor alemán non se sentiu con forzas abondas para seguir gobernando unha Igrexa gravemente afectada pola corrupción e os escándalos financeiros. Un pequeno misto é quen de provocar un gran incendio. A reputación da Igrexa naquela altura ardía e consumíase.

Nas congregacións xerais previas ao conclave, os cardeais reunidos en Roma buscaron un novo pastor que tamén fose bombeiro. Achárono nun bispo xesuíta, arxentino, lector de Borges e amante da creación e dos animais. Un bispo próximo aos pobres que escolleu chamarse Francisco como recordo e actualización do santo pobre entre os pobres.

As palabras que convenceron os cardeais foron sinxelas, pero profundas: a razón de ser da Igrexa consiste en saír de si cara ás periferias do mundo para levar a mensaxe de Xesucristo a quen máis o necesita. A Igrexa engor-

dou, preocupouse moito de si mesma, “mundanizouse”. Debe erguerse, poñerse en camiño e enfraquecerse. Debe evanxelizarse, desgastarse e correr riscos.

Tamén hoxe o mundo arde. Por iso Francisco quere que a Igrexa alce a voz polos inmigrantes afogados nos mares. Polos perseguidos nas guerras e os marxinaos nas cidades. Polos esquecidos nos cárceres. Polas secuestradas pola trata. Polos nenos vendidos e escravizados. Por iso debe abrir as portas aos homosexuais, ás

**O futuro da Igrexa
 está hoxe, máis
 ca nunca, sobre a
 mesa**



© Foto: revistasic.org



© Foto - Pablo Carro.

mulleres, ás persoas divorciadas que volveron casar. A Igrexa debe ser máis un hospital de campaña ca unha clínica de potentados, unha axuda samaritana máis ca unha aduana relixiosa. Ten que denunciar as agresións contra o equilibrio ambiental da casa común, porque detrás da crise climática hai unha crise antropolóxica.

A fe cristiá non é só un credo teórico, senón que ten consecuencias ecolóxicas, políticas e económicas. Porque hai unha economía que mata. Unha cultura do descarte que usa os seres humanos como kleenex. Por iso Francisco insiste en que necesitamos unha cultura do encontro, da fraternidade e da xustiza. Os políticos non deben alzar muros, senón construír pontes, porque non hai nada menos cristián que, alzando a Biblia, utilizar o nome de Deus mentres se pisan os dereitos humanos dos que menos teñen e máis axuda necesitan. Non se pode criminalizar e expulsar todos os inmigrantes. Hai que acollelos, protexelos, promovelos e integralos. Son irmáns, non inimigos.

Vendo os que hoxe ocupan o poder, non é raro que Francisco non guste a todo o mundo. Hai líderes moi poderosos que o odian e conspiran contra el. Un punto ao seu favor. Tamén é menosprezado e calumniado por irmáns na fe. Non é de estrañar. Non esperaban que quen escolleron só para apa-

gar un incendio se puxese á fronte dun proxecto sinodal e mancomunado de reconstrución, actualización e reforma da Igrexa.

Guste ou non, Francisco, cos seus acertos e os seus fallos, converteuse na única voz mundial que, fronte a Trump, Putin ou Xi Jinping, propón unha orde global distinta ao imperativo belicista que nos obriga a armarnos até os dentes. E non porque non sexa realista —pois foi el quen dixo que xa estamos a vivir a 3ª Guerra Mundial,

Francisco converteuse na única voz mundial

só que en anacos—, senón porque ten esperanza, porque é un home de fe. Francisco ten fe no futuro da humanidade, porque cre no Deus de Xesús de Nazaret, porque cre na mensaxe do seu Reino e por iso aposta pola paz, a xustiza e o diálogo.

Nunca foi doado loitar contra o lume. Os incendios non só matan quemando, senón sobre todo intoxicando. É así como os pirómanos de hoxe queren asfixiar o pontificado de Francisco. Con mentiras, con bulos, con rumores interesados que todo o confunden, nas redes e nos medios, cara a dentro e cara a fóra. Chamáronlle populista,

comunista, peronista e ata herexe. E non só políticos inimigos, senón tamén bispos e cardeais.

Na perspectiva que dá a bimilenaria historia da Igrexa, pódese dicir que, a pesar de todo, o bombeiro e arquitecto arxentino non fixo máis ca empezar. Comezou un proceso de extinción de lapas xunto con outro de reforma da Igrexa que, no ronsel do Concilio Vaticano II, aínda está nos seus primeiros pasos.

Enténdese que a moitos mozos e a moitas mulleres —tamén ás católicas— lles pareza insuficiente. É pouco o que ata agora cambiou para elas. Aínda queda moito por facer. A reforma está en cueiros.

Veremos se o próximo conclave —que oxalá aínda tarde moito en reunirse— decide continuar a obra ou di que xa está ben, que onde imos parar. Porque todo pode pasar. Porque hai moita nostalgia de tempos pasados de ordeno e mando. Porque hai bispos e cardeais que ou non se acordan ou non se queren acordar da corrupción, os escándalos e os lumes que nos trouxeron ata aquí. Pero hai outros que si. Hai outros que teñen mellor memoria, porque o incendio é recente e aínda fumea.

Sexa como for, o futuro da Igrexa, cun Papa que nestes días non respira ben, está hoxe, máis ca nunca, sobre a mesa. O alento do Espírito Santo dirá.

Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Araceli, seguirei a cantar e a asistirme da túa vitalidade



© Foto: Instituto de Estudios Ulloáns

Por sorte, en Lugo coñecémonos todos nos tempos a relacionar, e mesmo quen viñemos de fóra, aínda nos anos grises e incoloros, tivemos a sorte de pintar amenceres, de sentir recendos profundos das primaveras. Si, tivemos a sorte inmensa de poder poñerlle cor a tanta sombra. Eran tempos de non entender o que pasaba, eran tempos de caras serias, de rigor, de andar con tentos apurados. Lugo era, por sorte, unha aldea grande, continuadora da nosa orixe rural da que procedemos. Nos arredores da cidade aínda había verzas, aínda había chantos e chantas dividindo leiras, aínda as vacas pastaban a carón da paisaxe cando mirabamos ao lonxe, desde o miradoiro do parque á ponte do río Miño, ao paseo da Tolda, ás Arieiras.

Todos sabemos que nesa paisaxe física está tamén unha paisaxe humana e sentimental. Todo, mesmo as lembranzas, está tecido con aquela xeografía humana na que andabamos ao paso dos outonos. Imbricado en rostros e ecos, en palabras, en feitos aos que a vida ensinou a coidar e mesmo a facer entrañables.

Don Ricardo Carvalho viña buscar á súa muller, Ignacia Ramos, a Nacha, á

saída das clases da tarde, co seu rostro serio e ríxido, tamén ponderado e grave. Quen podía sospeitar as tantas que pasara! Viña case sempre de riba, do lado de Fingoi, onde exercía a docencia e dirixiu o centro. Que cousas! Todo aquilo está aínda impregnado de pálidas cores, de atmosferas inéditas que veño debullar timidamente, cando atopo xente que prevaleceu firme no recordo. Xente coma ti. Non sei por que nese repaso case fotográfico apa-

“Ti ben sabías que os fortes son os que choran en silencio”

rece Araceli Herrero Figueroa. Estás e ves do lado de riba, de Fingoi, a carón de Carvalho Calero, a quen dabas recoñecemento e a consideración debida, reclamando dignidade no medio do deserto, despois de tantos anos de silencio, da vergoña do esquecemento.

Activista incansable —e hai que recoñecerlo—, así como ese exemplo veraz do que facías gala co teu alumnado, ben o sei polas miñas sobriñas

e polos traballos de investigación que lles marcabas, facéndolles volver ás orixes, recuperando o orgullo de seren, de sermos, da memoria e da tradición.

Ben podías: estabas ben ensinada, pois fora alumna predilecta de don Ricardo, a quen abondaches na súa poliédrica figura; tamén de Pimentel, aquel da aura de fume, alá enriba no alto, aquel que falou das cunetas e do medo, facéndonos estremecer. Tamén de Cunqueiro, fabulador dos soños, o sabio tolo que fixo falar ás pedras: “Alba é: vai lieiro!” Quedou a súa homenaxe escurecida polo mesmo virus co que ti loitaches.

Souben do teu pasamento despois de verte na tele lembrar ao vello profesor en dignidades merecidas, neste noso país —ou impaís— onde a loita volveuse unha constante, sen variables, un ir e non mirar atrás, sequera aos lados. Lembro cando viñeches coa túa irmá á miña presentación do libro no Vello Cárcere, tan leda e feliz.

Foi nos tempos dese virus, e cando todos andabamos perdidos nas cautelas, en estremar distancias, sen esa forza vital das apertadas e da bágoa compartida, aínda para chorarnos entre nós ou remoer xuntos calquera tei-



Facultade de Formación do Profesorado conta coa 'Sala Araceli Herrero' na honra da que fora a súa profesora

mosía. Saíches sen facer ruído. Ti ben sabías que os fortes son os que choran en silencio, os que berran lonxe a súa dor e loitan todos os días batallas de soidades. Nese anaco de espazo no que quedas silandeira e sen a aperta, nesa estraña sensación na que falta o aire para expresarte, estas palabras

“Contabas ser médica e preferiches ser sementadora”

quizais sirvan para explicarme e expresar a miña mágoa na ausencia sentida, confundida na condición fráxil que nos acontece, agora e sempre contigo, Lili.

Quedan recendos no Círculo das Artes con *“Os vellos non deben de namorarse”*, cando, en mans de don Ricardo, apuntabades festas das Nosas Letras, e representabades *Pimpinelas* nos anos sesenta e poucos. Onde van os tempos!

É así. Nesta nosa panorámica xeral de imaxes lonxincuas veñen pousando outonos que son crepúsculos, solpores

que arremuíñan follas nun recanto de ecos cantareiros, de músicas e melodías harmoniosas que se elevan entre as silveiras dos camiños, no templo do amor e do sosego á nosa lingua que herdaches do profesor Calero. Ti, que contabas ser médica e preferiches ser sementadora dese amor, dando exemplo.

Este outono persistente deixará ronsel para pousar lembranzas dun recanto que perfilou as contornas da ilusión, atento á tenrura, á memoria, dando pulo a tanto pasado de investigación e

recollas, na importancia que nos precede. Nesta panorámica feliz do meu Lugo estarás sempre, Araceli, encarreirando honra e orgullo de sermos quen somos. Si, desde aquela orixe en Conde Pallares, enriba da farmacia familiar, onde teu pai tiña tamén consulta.

Porque, xa sabes, como dixo don Ricardo: *“Houbó, houbo un tempo en que cantaban os paxaros e as rosas florecían á beira dos camiños...”* Seguirei na loita e a cantar, alentado na forza que tamén ti me transmitiches.



Obras de Araceli Herrero

Antón Riveiro Coello

As eivas do galego O ESPOLÓN

Vivir en galego non resulta doado, é cousa sabida. E podería facer unha lista diaria de agravios que non vou facer. Á miña idade xa teño dabondo con intentar exercer os meus dereitos como para tentar xustificar a miña lingua nai diante de persoas que nin queren falar galego nin que llo fale eu, xente que non entende nin quere entender que a miña opción é tan válida, ou máis ca súa. É unha loita constante. Facer pedagogía a todas horas pode ser esgotador, pero, agora máis ca nunca, semella necesario, porque as alarmas están todas acendidas e as persoas que queren borrar o galego das súas (e das nosas) vidas xa están aplaudindo coas orellas. E non tardarán en nos tratar coma persoas fanáticas, ás que lles falta algo.

A modo de exemplo metafórico, non hai moito asistín en Silleda a unhas probas de promoción da Xunta e entrei pola porta 1, igual ca aqueles aspirantes que escolleron facer o exame en galego. O curioso —ou non— é que esa era a mesma porta asignada ás persoas con discapacidade. Ningún reparo por iso, por suposto. Pero, como nos temas do idioma un sempre desconfía, dei en pensar se esa clasificación era casualidade, se tiña a súa razón de ser en que había pouca xente que, coma min, escollera o idioma de Rosalía, ou se a decisión das persoas responsables entendía a nosa escolla coma outra clase de eiva. Non o creo. Pero estes días, logo de ver as formas bárbaras coas que na Arxentina de Milei se pretendía clasificar a discapacidade, atendendo ao grao do coeficiente intelectual, a miña sensibilidade volveu barrenar nun posible futuro onde esa minoría que ama a nosa lingua e a quere usar en todos os eidos da vida poida ser clasificada algún día como idiota, imbécil ou débil mental. Agardemos que non.



© Foto - Xoán A. Soler. La Voz de Galicia

**“As persoas que
queren borrar
o galego están
aplaudindo coas
orellas”**

Nota: Artigo de opinión publicado en La Voz de Galicia do 3 de marzo de 2025 por Antón Riveiro Coello . Enlace: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/silleda/2025/03/02/span-langglas-eivas-do-galegos-pan/00031740938248818419473.htm>

Altri: Galicia non cala, Galicia deféndese

A dignidade do país ergueuse o domingo 16 de marzo en Arzúa e noutras vilas da contorna do Ulla contra o megaproxecto industrial que Altri pretende impoñer en Palas de Rei. Centos de persoas, con berros de “Altri mata, a mina remata” ou “Rueda contamina”, deixaron claro que Galicia non está disposta a vender o seu futuro por intereses empresariais alleos á terra.

A protesta, con calaveras como símbolo da destrución que se denuncia, foi unha contundente resposta social apenas dous días despois da Declaración de Impacto Ambiental favorable publicada pola Xunta. O clamor foi claro: **non hai licenza social para unha planta que ameaza a auga, o rural e o mar.**

Arzúa, epicentro da mobilización —coincidindo coa feira do queixo—, acolleu voces como a da portavoz nacional do BNG,



© Fotos - Plataforma por unha Ulloa Viva



Ana Pontón, que denunciou “a traizón do PP á xente do país” e asegurou que “Galicia vai parar esta atrocidade”.

As mobilizacións tomaron as prazas de **Melide, Arzúa, Santiso, Agolada, Palas de Rei, Monterroso, Antas de Ulla, Chantada, Padrón e A Estrada**, entre outras.

A plataforma Ulloa Viva advertiu: “Este proxecto poderá ter licenza administrativa, pero nunca terá o respaldo da sociedade”. A resistencia popular, transversal e crecente, prepara xa novas demostracións de forza.

Porque Galicia non cala. Galicia deféndese.

Olladas Ilustradas

Roberto Álvarez



Premios Moncho Valcarce: homenaxe á loita pola terra, a lingua e a xustiza social

Como cada ano, e tras vinte e dúas edicións, o vindeiro 10 de maio celebrárase na cidade da Coruña a entrega dos **Premios Moncho Valcarce**. Xa é unha tradición consolidada nestas datas, un recoñecemento que, co paso do tempo, se converteu nunha cita obrigada para homenaxear aquelas persoas, colectivos ou entidades cunha traxectoria destacada na defensa dos máis desfavorecidos, da lingua, da cultura e da identidade galegas.

Nesta edición, a entidade promotora —a **Irmandade Moncho Valcarce**— vén de conceder o **Premio Moncho Valcarce**

na categoría “**Pola Promoción da Terra**” a **Margarita Ledo Andiñón**, escritora, xornalista, decana da Facultade de Ciencias da Comunicación —na que actualmente exerce como catedrática de Comunicación Audiovisual—, académica numeraria da Real Academia Galega, Premio Nacional de Cinema e Audiovisual, Premio Nacional da Cultura Galega, fundadora e directora do semanario *A Nosa Terra*, directora de cinema e activista social e cultural.

Pola súa parte, o **Premio Moncho Valcarce** na categoría “**Pola Defensa da Terra**” foi concedido á **Plataforma Veci-**



ñal Mina Touro-O Pino NON, entidade que desde o ano 2017 lidera a loita contra a reapertura dunha mina a ceo aberto para a extracción de cobre.

Crentes Galeg@s convidan ao seu encontro o 26 de abril en Santiago

O **Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s** celebrará o seu encontro anual o **sábado 26 de abril** baixo o lema “**A vida ameazada: consecuencias para o futuro**”, unha xornada que busca reflexionar sobre os desafíos ambientais actuais e as súas implicacións sociais, espirituais e ecolóxicas.

O evento desenvolverase no **antigo colexio Ramón Cabanillas de Santiago de Compostela** (rúa do Castiñeiriño, 21, ao carón da igrexa), cun horario que comezará a partir das **10:30 horas**.

Desde o Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s lembran que este encontro

pretende ser un espazo aberto á participación, ao diálogo e á construción dunha espiritualidade comprometida coa xustiza ecolóxica e social.



Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981
Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilár, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cadrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscripcións:

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Impreme: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



IRIMIA ASOCIACIÓN DE EDITORES GALEGOS

Graciñas Francisco, non por ser perfecto, si por abrir horizontes dunha humanidade nova.

Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

A cruz en verde violeta¹

A cruz é unha chamada a mirar o noso presente desde as persoas crucificadas do noso mundo e en solidariedade e resistencia con elas. É tamén unha chamada para converternos, a recoñecer as nosas complicidades con esas cruces e a facer algo respecto diso.

Na cruz, Deus identifícase cos crucificados da historia e co seu sufrimento. Xesús morre como vivira: entregado aos demais, e ao anuncio do Reino, en mans do seu Pai, desde o amor e perdón, cunha dignidade admirable, pero vítima dos poderes inxustos nos que se estrutura o pecado. Na cruz, Deus ponse ao lado das vítimas. Neste sentido, tomar a cruz é optar por establecer relacións de amor recíproco e abandonar calquera actitude de dominio e triunfalismo, que leve a outros/as á cruz. Isto moitas veces implica conflictividade e sufrimento, pero un sufrimento sobrevido por causa da xustiza. É acompañar o sufrimento en calquera circunstancia e aceptalo só cando é irremediable. É ofrecer resistencia á inxustiza, ao egoísmo e á mentira e asumir as consecuencias dese combate profético, como o fixo Xesús. É combater o sufrimento evitable, é mancharse as mans e deixarse o corazón na transformación da realidade nunha terra nova na que habite a xustiza. É solidarizarse cos que sofren, acompañar na dor, infundir paz, serenidade e esperanza cando xa nada pode facerse desde un punto de vista humano.

A súa cruz visualiza o escándalo da maldade e a inxustiza en nós, entre nós e no noso mundo e obríganos a encalo e combatelo e a vindicar a dignidade dos crucificados/as da historia. Ensínanos a mirar a realidade desde unha hermenéutica da sospeita e desde o punto de vista dos últimos/as. A cruz obríganos a preguntarnos sempre, tanto nas nosas prácticas como nos nosos discursos, como afecta cada discurso, decisión, práctica e orde social e política á dignidade das persoas, especialmente das máis vulnerables.



1 - Ramón Carbonell, Lucía “Repensar a salvación cristiá en verde e violeta”, p. 134-135, 140-141

Nostalxia para salvar o esquecemento

Despois do empacho gramatical do último número cos pronomes, lembramos as palabras de Xesús Ferro Ruibal quen, alá polo ano 1993, na sección “Falando con xeito” que ocupaba esta mesma páxina, dicía que, se queremos dicir que falamos o galego, non chega con aprender a usar os pronomes con corrección, facendo así del as palabras de Alonso Montero. Insistía en que todos os camiños pasan por escoitar os vellos, e canto máis da aldea, mellor. É certo, pero tamén hai que saber que ás veces hai contaminacións e interferencias léxicas do castelán polo medio.

No devandito artigo recolle fraseoloxía que nós coñecemos porque aínda tivemos a sorte de convivir con ela e que mantemos hoxe na base de datos da nosa lingua. Con todo, chamounos á atención o caso do “farrapo de gaita”, usado coa idea de que algo ten moi pouco valor... Ademais nós témolo de noso, nun caso como “farrapo de gaitas” e noutro como “farrapos de gaita”. A outra hora habemos de volver sobre isto...

gora imos levarvos un pouco á reflexión. É evidente que temos que ter a nosa lingua preparada para todos os contextos, para todas as áreas (para todas as variedades diafásicas e diastráticas) e para o mundo moderno no que nos movemos. Aínda así, en todas cabe a nosa orixe. E traemos tamén a colación as palabras de Daniel López Muñoz en “O trasno” de xullo de 2009, <<Os creadores da linguaxe enxebre, da retranca imprescindible, da sabedoría sintetizada entre mil ditos de cinco palabras, coma o lume dos antigos, palabras loitando por vivir, palabras bonitas como “albeite”, “cómara”, “teixugo”, “carqueixa”, “labaza”... , son nada menos que dos labregos e labregas de Galicia... >>. Sempre volo dicimos, temos que pegar a orella á terra e impregnarnos de todo o que dela

mana, desa riqueza produtiva en todos os sentidos..., porque, como tamén dicía Ferro Ruibal, Galicia foi, ata a desfeita en curso, un mundo radicalmente agrícola...

E mergulladas neste nostalxia, véñennos á cabeza expresións que Delia utilizaba para contarnos historias de cando ela era rapaza: “O que alí pintaron...! Parecía aquilo as tebras de Xoves Santo!”. Non é que pintasen con lapis ou cun pincel, non, facían moitas trasnadas, tantas que daba medo, de aí que acompañase da negrura das tebras de Xoves Santo... Tamén “pintaban a cana verde” e “pintaban a mona”, xa coa idea de que facían moitas trasnadas sen provocaren medo ou simplemente facían o parvo, facían parvadas para faceren rir a xente.

Díxonos un paxariño que tiñamos que escribir menos

